

Notas arqueolóxico-epigráficas en torno á morte en Callaecia Antiga

ROSA M^ª FRANCO MASIDE
GERARDO PEREIRA MENAUT

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMEN

Este traballo pretende pór de manifesto a pervivencia, en época galaicorromana, de iconografía funeraria mocho máis antiga. Así, o carácter antropomorfo de determinadas estelas, a introdución da figura humana en outras, a presenza de signos como “X”, “U”, ou de dúas liñas paralelas na zona inferior das estelas, son símbolos asociados á morte peculiares de Callaecia. En este traballo pretendemos: por un lado aislar ese programa iconográfico diferencial en época romana de Callaecia, e en segundo lugar buscar os precedentes en épocas históricas pasadas, que nos levarán a lo largo de estas páxinas hasta o período neolítico.

Palabras clave: Callaecia, Funebria, Hecho diferencial, Pervivencias indígenas, Muerte, Iconografía funeraria.

ABSTRACT

The main goal of this work is to present evidence for the presence, well inside the galaico-roman era, of funeral iconography of more ancient origin. Thus, the antropomorphous shape in the some stelae, the introduction of the human figures in others, the use of the simbols, such “X” or “U” or two parallel lines in the lower part of stelae , all these features are linked to death and typical from Callaecia. Here we intend: to identify this differential iconography in the roman Callaecia, and to search for its precedents in former historical periods, wich will take us along to the neolitic era.

Keywords: Callaecia, Funeral ritual, Diferencial fact, Indigenous remains, death, Funeral iconography.

Atendendo a amable solicitude do Dr. Rodríguez Casal, que moito agradecemos, ao igual que as súas preciosas indicacións e suxerencias, imos tratar de dar resposta á cuestión acerca da morte na Galicia antiga. Convén formulalo así, en termos moi xerais, pois

a natureza das fontes das que podemos extraer algún coñecemento así o aconsella. A Galicia antiga non nace coa conquista romana, a finais do século I a.C. senón que o que entón toma forma e corpo, é algo que existe dende moito antes. E as prácticas funerarias non deberán, en principio, nacer da nada nese momento. Debemos, polo tanto, botar a vista atrás, tanto como poidamos.

A cuestión é complicada. O lector observará unha cesura no texto, que se corresponde con outra real-práctica, que está nos propios materiais documentais. Temos dabondo –relativamente– materiais pre e protohistóricos, que se ben non son tan elocuentes como quixerámos, son insistentes na súa presenza na funebria, antes sobretudo, pero tamén, aínda que un pouco máis seleccionados, tras a conquista romana. Tras a conquista, as cousas cambian radicalmente, porque se imponen as prácticas funerarias romanas.

Pero hai un fío conductor entre ambos momentos. Que os fíos pre e protohistórico se anudan co novo, que empeza coa conquista, “grosso modo”, é seguro, porque moitos daqueles símbolos funerarios que son verdadeiramente antigos, continúan nas inscricións funerarias galaicorromanas. Pero non sabemos nen onde, nen cando se anudan eses fíos; si é un complexo nó mariñeiro ou outro vulgar e corrente.

¿Ata qué grao había consciencia de que o novo nó tiraba do anterior?. Contestemos cunha pregunta: ¿ata que grao hai consciencia en Triacastela, onde no seu cemiterio algúns seguen a se enterrar aínda hoxe tan fielmente ás formas externas das tumbas antigas?. ¿Ata que punto son conscientes os carpinteiros que, ata agora mesmo, seguen a reproducir na decoración de mobles e enseres, como artesas, símbolos sen dúbida extraídos das inscricións galaicorromanas, aínda que moi notoriamente atopamos nos frisos baixo os tellados de hórreos e paneiras do oriente da actual Galicia e Asturias?. ¿Ata onde ara consciente o cristiano da inscrición de Tins (Vimianzo, vid.infra) de que estaba facendo a súa inscrición funeraria sobre un símbolo tan precristiano e tan galaico como a estela funeraria antropomorfa?.

A primeira parte do noso texto carece, necesariamente de interpretaciódos dos símbolos funerarios pre-romanos, por non ter fundamento para iso máis alá dunha prudente medida. A segunda deixa moitas cuestións sen contestar pero no seu propio prantexamento percíbese algo de interesante. Deixémolo así, aberto. É mais suxerinte que se tratamos de pechalo en significados concretos. Para o que ademáis, non teríamos unha base suficientemente firme.

I

O territorio que estudamos, Callaecia, delimita e aflase na península ibérica gracias a uns accidentes xeográficos de primeira orden. As serras orientais galegas e as de Padrelas e Marao portuguesas constitúen o límite oriental, polo sur o máis claro linde é o río Douro, polo oeste o océano Atlántico e polo norte o Cantábrico (fig. 1).

Motivos ondulados, zigzags, heliomorfos, signos en U, círculos, motivos de perfil tronco-cónico asociados a motivos ondulados e raras figuras humanas compoñen o seu repertorio iconográfico. Os ondulados poden cubrir na súa totalidade unha ou máis lousas do dólmen (fig. 2) e/ou aparecer asociados a motivos heliomorfos (fig. 3) ou a outros deseños denominados “o obxecto” (fig. 4). Realizan, a maiores, estes grupos de ambiente megalítico temprano, un tipo de escultura configurada a base da talla, en pequenos pelouros, de incipientes rasgos antropomorfos (fig. 5). As estelas (fig. 6) (Rodríguez, 1998) e as estatuas menir (fig. 7) constitúen, en conxunto, outra importante e chamativa manifestación antropocósmica do home que se asentaba no noroeste peninsular entre o 4000 e o 2000 a.C.




Fig. 2. Gravados na cámara de Santa Cruz, Cangas de Onís (Oviedo).




Fig. 3. Gravados na mámoa de A Braña, Silleda (Pontevedra).

En torno ó 1800 a.C. se asenta con forza a Edade do Bronce, que introduce a tradición común a todo o continente caracterizada pola transformación do medio mortuorio, que abandona progresivamente o enterramento colectivo cara outro de tipo individual: unha cista, que será decorada con frecuencia con motivos ornamentales, como cenefas de zigzags ou de círculos, que remiten ó período anterior (Penedo/Fábregas, 1980; p. 333-342). Será característica desta época e do mesmo ambiente o vaso campaniforme que adopta aquí as súas peculiaridades (Suárez, 1998: p.81-110) (fig. 8), e os petroglifos que se individualizan no grupo galaico de arte rupestre (Peña/Rey, 1998; p. 229 e ss) (fig. 9).




Fig. 4. Levantamento dunha das lousas da cámara de Dombate, Cabana de Bergan-tiños (A Coruña).

En época castrexa é difícil recrear que tipo de ambiente rodeaba a experiencia da morte, xa que a carencia de calquera tipo de resto funerario neste período dificulta a súa interpretación. Por eso vai ser definitivo o rastro que da mesma se detecte no período seguinte, cando se fusionen as dúas culturas e aflore, a través da linguaxe técnica e estilística que aporta Roma, o substrato indíxena.

Si quixeramos facer unha definición da arte romana de Callaecia poderíamos calificala como provincial; como aquela que, lonxe do centro irradiador –Roma–, reproduce de forma máis ou menos coidada, modelos distantes e os interpreta de modo popular. Esta norma presenta sen embargo dúas anomalías. Unha delas remítenos ó mundo colonizador cando, a través de achádegos isolados, se nos amosa que existe, dentro desta corrente, unha arte máis selecta que utiliza materiais de importación e unha técnica depurada ao servizo dunha poboación romanizada e acomodada. Esta característica individualiza a este tipo de estelas respecto á maioría. Voltaremos sobre esta cuestión. Pero existe outra alteración desta norma e é aquela que nos fala do substrato indíxena, que detectamos en non poucas estelas romanas, e nas que nos deteremos a continuación.




Fig. 5. Tipoloxía das representacións escultóricas do megalitismo galego, según Fábregas Valcarce.



Fig. 6. Estelas antropomorfas neolíticas de Parxubeira (A Coruña).

PERVIVENCIAS INDÍXENAS NAS ESTELAS GALAICORROMANAS

As pervivencias indíxenas sopésanse cando dentro desa interpretación provincial de arte romana, aparecen determinados elementos que pola súa persistencia ou rareza, se




Fig. 7. Estatua menir de Chaves, (Madalena/Sta. M^a Maior, Chaves, Vilareal), Portugal.




Fig. 8. Decoración campaniforme dun recipiente de Parxubeira, Mazaricos (A Coruña).

individualizan respecto a outras zonas do imperio romano. En Callaecia detéctase a prolifera- ción da figura humana á hora de representar ao defunto, ben sexa a través da elabora dunha estela antropomorfa¹ (fig. 10), ben sexa a través da introducción do tema figurativo nunha lousa aproximadamente rectangular². (fig. 11). Outro elemento chamativo é a aspa que cruza a menu- do estelas (fig. 12) ou aras (fig. 13). Asemade os temas en U (fig. 14), en zigzag (fig. 15) ou en bandas paralelas son elementos que remiten ao pasado e que, en conxunto, dotarán á iconografía funeraria de Callaecia de caracteres propios.

CARÁCTER ANTROPOMORFO

En época megalítica o carácter antropomorfo aparece, tanto en coios convertidos en ídolos de pequeno tamaño, como na tradición que elabora estatuas menir, estelas decora- das e algún gravado en antas de dolmen. Sen dúbida, esta insistencia na representación humana á hora de retratar ó finado, ou no seu defecto a unha divinidad ou numen fune-

- 1 Estelas antropomorfas: Castriz, Sta. Comba, CIRG I n^o 56; Sta. M^a de Tritosende, IRG I n^o 63; Tins, Vimianzo, CIRG I n^o 69, S. M^a de Paradela, CIRG II 93; San Lourenzo de Ouzande, CIRG II, n^o 94; O Rosal, Oímbra, AQ.FL. n^o 298; Macedo dos Cabaleiros, Bragança, AQ. FL. N^o 272.
- 2 Estelas con figuración: Cidadela, Sobrado dos Monxes, CIRG I, n^o 34; Brandomil, CIRG I n^o 44; Mazarelas, Oza dos Ríos, CIRG I, n^o 63; San Tirso de Cando (Outes), CIRG n^o 74; Miráns, Araño, Rianxo, CIRG I ,n^o 81; Santa M^a de Cela, Bueu, CIRG II, n^o 37; Vigo CIRG n^o II, n^o 44, n^o 46, n^o 52, n^o 54, n^o 55 , n^o 56, n^o 60; Santa M^a de Rubín, CIRG II, n^o 91; San Vicente de Berres, CIRG II n^o 95. Sta. Eulalia de Atios, O Porriño, CIRG II n^o 137; Sta. M^a do Viso, Redondela CIRG II n^o 145; S. Facundo de Cea, Ourense, AQ.FL. n^o 293; Auga Revés, Valpaços, AQ.FL. n^o 294; Santo Antonio de Monforte, Chaves, AQ.FL. n^o 295; Granginha, Chaves, AQ.FL. n^o 296; Deveza de Vila Nova, Bragança, AQ.FL. n^o 297; Talaván, Cáceres.

rario, debe responder a un significado, que de momento descoñecemos pero, certamente vinculado por un lado ó feito físico da morte do individuo –ou á interpretación que deste feito realiza a colectividade–, e polo outro ao concepto de trascendencia que o motiva.




Fig. 9. Distribución dos petroglifos galegos e do norte de Portugal.

Unha estatua menir é unha representación humana feita en pedra, de grandes proporcións e bulto redondo. Exemplos como os de Faiões (fig. 16), Boullosa (fig. 17) ou Ermida (fig. 18) ilustran unha pequena parte da aportación da antiga Callaecia a estatuaria megalítica. A súa suposta posición erecta e fincada na terra, enfatiza máis se cabe o carácter fálico que non poucas delas remarcan de modo mais ou menos naturalista, como sucede coas de San Joao de Ver, Chaves, Bouza e Marco, as que aluden a idea da fertilidade implícita na súa iconografía. Coidan ser reutilizadas en épocas posteriores estas estatuas, como sucede coas de Faiões, Chaves, Ver ou Oímbra: na que se aprecia un exemplo claro de continuidade do uso das mesmas quizais cunha función semellante, xa

que a derradeira servíu de soporte a unha estela galaicorromana, da que aínda conservamos a súa inscrición, como se aprecia na fotografía (fig. 19). Na Idade do Bronce engádeselle, a algunhas delas, armas gravadas con trazos máis leves como sucede coa de Chaves (“vid. supr”). As estelas decoradas megalíticas son bidimensionais e de menor tamaño que as estatuas: as de Lameirao/Rego (fig. 20), Cabeço da Mina, Couquinho, Longroiva, Cha do Brinco, Vila Maior, Moncorvo, Santa Lucía ou Parxubeira dan boa conta desta realidade. O terceiro tipo define os atributos humanos moito máis levemente que os anteriores e son máis pequenas, como acontece en Cútero, Cova da Moura, Áncora, Dolmen K (fig. 21) (Castro, 1996).



Fig. 10. Estela funeraria galaicorromana de Tines, Vimianzo (A Coruña).



Fig. 11. Estela funeraria galaicorromana de San Pedro de Antes, Brandamil (A Coruña).



Fig. 12. Estela funeraria galaicorromana de Oza dos Ríos (A Coruña).

De época castrexa existen figuras antropomorfas de tradición local, como ben exemplifican as de Carabeis (fig. 22) ou Santa Tegra (Soto, 1998, p. 177-192).

En época romana asistimos á proliferación da figura humana cando se trata de dotar de contidos á estela funeraria de sabor indíxena. Toda esta serie de representacións humanas son transmisoras de crenzas populares e iconografías antigas e se revelarán como pervivencias de remota antigüedad en plena época histórica.




Fig. 13. Ara votiva galai-corrromana, Hío (Pontevedra).



Fig. 14. Estela funeraria galai-corrromana de Saiar, Caldas de Reis (Pontevedra).




Fig. 15. Ara votiva de Santa Mª de Mixós, Monterrei (Ourense).

MOTIVO EN ASPA

Atopamos, en contextos funerarios megalíticos moi antigos, elementos decorativos en aspas, gravados en croios (fig. 23). Son considerados ídolos por estar situados en liña, marcando o umbral do corredor mortuorio. Según os especialistas trataríase da máis temperán representación humana localizada no noroeste peninsular, propoñéndose datacións de en torno ó 3800 a.C para os localizados en Dombate, Parxubeira e Axeitos. O motivo aspado aparece nas estelas antropomorfas de Cabeço da Mina (fig. 24), e faino asociado a motivos en U e a bandas paralelas. Tamén podemos localizalo na decoración cerámica atopada nos enterramentos deste período.

Na Edade do Bronce vémolos formando parte dos motivos decorativos que adornan cistas funerarias, cerámica campaniforme ou algún gravado rupestre, asociado a cervos ou a outros motivos cruciformes (fig. 25).


En época castrexa aparece formando parte dun programa iconográfico presente, tanto na decoración cerámica de ámbito doméstico, como na orfebrería. Habería que matizar esta idea, coa que nos suxire o feito de que as cerámicas decoradas se localicen na franxa costeira e as lisas nas zonas interiores (Rei Castiñeiras. J: 1998, p. 225-240).



Estátua-menir de Faiões

(segundo ALMEIDA-JORGE 1979, adaptado)

Fig. 16. Estatua menir de Faiões (Portugal).



Estátua-menir da Boulhosa

Fig. 17. Estatua menir de Boulhosa (Paredes de Coura, Viana do Castelo, Portugal).

En época romana a presenza dunha aspa é, en ocasións, a única concesión decorativa que se fai a determinadas estelas de marcado carácter local³ (fig. 26). O protagonismo deste motivo, realizado a gran tamaño en contextos funerarios, remarca a súa importancia simbólica asociada a morte. Aparece unha X, asemade, en diversas aras votivas de época romana, como a de Mixós⁴ (vid.supr), a que destaca pola acabada iconografía que posúe e pola armonía que alcanza o tema aspado –que cruza literalmente a súa parte frontal– conxugado con temas en U inferior e superior, mentres que o zigzag aparece deseñado a modo de dobre friso superior. Igualmente reseñables son as aras adicadas á divindade indíxena de Facho de Donón⁵, Hío (Pontevedra). Un recinto situado nun confín da terra, alberga máis dun centenar de adicacións a un deus indíxena, que se representa cun tema aspado. En Donón é usado con verdadeira liberdade: pode aparecer no frontal, no lateral, só, dobre, cuádruple, etc. Actualmente chama a atención que o tema aspado se manifieste a través da iconografía de Santo André a quen se adica a parroquia de Hío.

3 Eira de Vilacoba, Troitosende, IRG I n^o 63; A Coruña. Oza dos Ríos, Mazarelas, CIRG, I n^o 63; Bermés CIRG II, n^o 80, Santa María de Saiar, Caldas de Reis, CIRG II, n^o 77; Santa María de Curro, Barro, CIRG II, n^o 129; Belem, Lisboa, Portugal.

4 Santa M^a de Mixós, Monterrei, Ourense. IRG. n^o 45.

5 Donón, Hío. CIRG II n^o 1, 18, 19, 21, 22, 29.





Fig. 18. Estatuamenir da Ermida (Ponte da Barca, Viana do Castelo, Portugal).




Fig. 19. Estatuamenir de O Rosal, Santa Mª de Oimbra (Ourense).



Estela decorada de Lameirão/Rego

Fig. 20. Estela de Lameirão (Rego, Celorico de Basto, Braga, Portugal).



Estela do Dólmen K de Alijó

Fig. 21. Estela do Dolmen K (Pópulo, Alijó, Vila Real, Portugal).








Fig. 22. Ídolo galaicorromano de Carabeis, Urdilde (A Coruña).



Fig. 23. Ídolo neolítico de Dombate, Cabana de Bergantiños (A Coruña).



Estela 1 do Cabeço da Mina

Fig. 24. Estela do xacemento de Cabeço da Mina (Assares, Vilaflor, Bragança, Portugal).

André foi irmán de Santiago e pescador coma el, sufriu martirio nunha cruz en forma de aspa (fig. 27) e finalmente foi trasladado a Galicia nunha barca de pedra. A presenza deste símbolo no interior do santuario formando parte da iconografía do santo, fálanos da pervivencia dunha relixiosidade popular ancestral, antaño cristianizada a través dun proceso sincrético, do que rastrexamos hoxe as súas pervivencias.

Adentrándonos en posibles interpretacións cecais puidese simbolizar, como noutras culturas, o centro do universo e as catro direccións do espazo. Pero quizáis non simbolice eso, senón que oculte tras de sí a unha divindade asociada: ¿á morte, a vida despois dela, ou ás dúas cousas a un tempo?. E tamén puidera ser que non simbolizara nada de eso, e que se tratara dunha simple transcripción en pedra, para a eternidade, dos húmeros cruzados sobre o peito do morto: solución prosaica se se quere pero posible tamén. A aspa, símbolo tráxico e inequívoco da morte é aceptado, non en van, pola mentalidade colectiva como o que é, o final dunha vida e para algúns o inicio dunha nova.




Fig. 25. Petroglifo de Rotea do Mendo, Campolameiro (Pontevedra).



Fig. 26. Estela funeria galaicorromana de Troitosende, Portomouro (A Coruña).




(Foto, García Credeira)

Fig. 27. Sanandreses de Santo André de Teixido (A Coruña).

MOTIVO EN ZIGZAG

En época prehistórica aparece utilizado con profusión en diversas estelas decoradas do xacemento megalítico de Cabeço da Mina (Castro: 1998) (fig. 28) e vémolos na variante ondulada (vid. supr) ou en zigzag decorando antas de dólmenes (vid. supr) (Bello: 1995, p. 73 e ss).



Estela 10 do Cabeço da Mina

Fig. 28. Estela de Cabeço da Mina (Assares, Vilaflor, Bragança, Portugal).

Na outra estela do mesmo xacemento asóciase a “U” e o zigzag no anverso, e o “X” con bandas paralelas no reverso (vid. infr).

Na idade do bronce os temas en “U” aparecen en algúns gravados rupestres catalogados como representacións de ídolos. Representátese por medio dun rectángulo, que ten inciso na zona superior un semicírculo.

Na idade do bronce mantense o motivo asociado ás cistas funerarias típicas deste período (Penedo/Fábregas: 1980, p. 333-342), así como á cerámica que se introduce nos túmulos característicos do período anterior.

En época castrexa aparece decorando cerámica de uso doméstico (Rei:1998, p. 225-240), formando parte do seu programa iconográfico (fig. 29), así como se detecta en multitude de obxectos de orfebrería xunto a outros motivos aspados e circulares.

En época romana amósase en estelas funerarias e aras votivas acompañando a temas en “X” ou en “U”.

MOTIVO EN “U”

En época megalítica aparecen en varias estelas decoradas, como en Cabeço de Mina, onde se aúnan os catro elementos precedentes. Por un lado o carácter antropomorfo da estela aparece marcado polos globos ciliares e o nariz; no peito leva inscrites dous semicírculos laterais –temas en “U”–, e na parte inferior presenta dúas bandas paralelas, mentres que no revés aparece unha aspa (vid. supr). Na outra estela do mesmo xacemento asóciase a “U” e o zigzag no anverso, e o “X” con bandas paralelas no reverso (vid. infr).

En época castrexa vémoslos na forma de representar as mans collidas nos exvotos de Carabeis ou Santa Tegra. Atribúenselle carácter de ídolos funerarios, tamén asociados á fertilidade.

En época romana este motivo está presente en diversas estelas⁶ e aras⁷, ben sexa como protagonista, ben sexa acompañada doutros motivos decorativos aspados ou en zigzag (fig. 30).




Fig. 29. Xerra tipo "Toraia" do castro de Toraia (Pontevedra).

MOTIVO EN BANDAS PARALELAS

As bandas paralelas son dúas liñas horizontais, situadas na parte inferior da estela ou a ara e que delimitan un espazo rectangular, caracterizado pola ausencia decorativa, como sucede na estela de Troitosende. As dúas bandas e o seu espazo baleiro entre elas son o elemento decorativo. Chama a atención a presenza deste motivo nos antigos ídolos funerarios de Dombate, onde aparece decorando, xunto ao tema aspado, o reverso e anverso, dun croio situado no umbral do corredor do dolmen (Bello, 1995, p. 73 e ss). Aparecen xunto a motivos en "X", en "U" e en zigzag, nas estelas megalíticas de Cabeço da Mina (Castro, 1996) e nas aras galaicorromanas do Facho de Donón xunto a motivos en "X", en "U" e zigzags.

CONCLUSIÓNS

1. Pervivencia da iconografía neolítica

Algunhas estelas e aras romanas do noroeste peninsular asumen no seu programa iconográfico determinados elementos, que poden ser catalogados como pervivencias de crenzas funerarias moi antigas xa que, fronte a outras culturas, as poboacións autóctonas de Callaecia parecen conservar rasgos iconográficos comúns no pasado a áreas

6 Estela de Lugo. IRG, nº 45; San Pedro de Baroña, CIRG I nº 76; Castro de Vista alegre, Vilagarcía de Arousa, CIRG I, nº 126; Santa Mª de Saiar, Caldas de Reis, CIRG I nº 77; Vilar de Servoi, Castrelo do Val, IRG Ourense; Santa Baia de Camba, Rodeiro, CIRG II, nº 89; Santa Mª de Bermés CIRG II,

7 Santa Mª de Mixós, Monterrei (Ourense), IRG nº 110; Facho de Donón, Santo André de Hífo. CIRG II, nº 77.



Fig. 30. Estela galaicorromana de Bermés, Lalín (Pontevedra).

xeográficas moito máis extensas. Reducido o fenómeno co paso do tempo ó noroeste peninsular –sempre coidadoso das súas tradicións– poderáse recoñecer no mundo funerario galaicorromano determinados caracteres propios: ao conservar, máis que ningunha outra provincia do imperio, o seu máis antigo sustrato común.

O carácter antropomorfo de determinadas estelas galaicorromanas, o tema en aspa, en U, en zigzag ou en bandas paralelas, evocan símbolos que son produto de crenzas antigas e alleas a Roma. Esta linguaxe é exclusiva, en época romana, de Callaecia e estaría enraizada a un remoto universo funerario que podemos retrotraer a época neolítica. A arte megalítica do noroeste non é en van allea a outras manifestacións artísticas contemporáneas no tempo, pero lonxanas no espazo, tanto como Irlanda, Francia, Suiza, Italia, Cerdeña,

etc., todas elas insertas nun fenómeno de dimensións globais de neolitización de toda a cunca mediterránea e continente europeo⁸.

Sen dúbida o carácter atlántico, occidental, periférico e as limitacións e dificultades de comunicación dentro do propio espazo pan-galaico, condicionan e dan carácter ás poboacións do noroeste. Os seus mil trescentos quilómetros de costa –se contamos só a actual Galicia– marcan modos de vida, de economía, de aproveitamento dos recursos naturais, de necesidades e de crenzas. A vixencia dun universo antigo moi vinculado á idea da morte ata época romana permite supoñer unha liña de continuidade, unha permanencia dos símbolos, e xa no tan seguro do seu significado, quizáis modificado co paso do tempo.

Certo é que a simplicidade do motivo en aspa, en zigzag, en U, ou a presenza tosca da figura humana, son solucións sinxelas ás que se podería chegar non só pola liña da continuidade. É certo, tamén, que poderían ter xurdido símbolos similares en áreas distantes, sin que iso supoña un contacto entre culturas, ou a transmisión do seu significado de xeración en xeración. Pero non se pode negar tampouco que a presenza dun progra-

8 Actes du 2ème colloque international sur la statuaire mégalithique. Archéologie en Languedoc, n° 22, 1998.

ma iconográfico idéntico entre dúas estelas funerarias, separadas no tempo tres ou catro mil anos, e a suposta inconexión entre un e outro programa, ou da súa posible motivación e significado, dende o noso punto de vista sería moito menos probable.

Esta afirmación baséase en que a semellanza non se produce nun só tema, senón en todo unha simboloxía antiga que agora sae á luz. As poboacións indíxenas parecen recuperar, gracias á técnica que aporta Roma, o medio de expresión do sentimento da morte e a capacidade de plasmar en pedra para a eternidade, as súas lembranzas ancestrais e as súas creencias particulares, que nos que axudan a definilo como pobo.

2. Fusión funerario votiva

Chama a atención que estes símbolos funerarios usados nas estelas para acompañar ao defunto na su morte, aparezan claramente en altares votivos como os de Santa M^a de Mixós ou Santo André de Hío. O trasvase de motivos dende o mundo funerario cara ó votivo en Callaecia, fálanos do préstamo mutuo e do certo grao de unión entre ambos ámbitos, e é precisamente ese momento de contacto o que nos leva ó mundo das crenzas. Dentro deste círculo macabro a vida e a morte son protagonistas e se solapan cando un individuo, ou comunidade, desexa ou cree renacer inserto nun devenir imparabile. Existen exemplos magníficos que ilustran ese contacto e que nos falan da pervivencia de almas de vivos despois da morte (Vaqueiro, 1998, p. 98).

Dentro do imaxinario, ou da relixiosidade popular galega, existen colectivos de núnemes vinculados a camiños e denominados compañía. Contan as lendas que as almas dos mortos se desplazan e manifiestan nos camiños, como secundan os petos de ánimas todavía hoxe adorados en Galicia. Chama a atención a existencia de, en torno a, corenta aras adicadas aos *Laribus vialibus* no imperio romano: e que desas corenta aras, vinte foran localizadas no convento lucense e trintasete en toda Callecia

3. O comezo e o fin

Dentro desta dualidade vida/morte interesa resaltar Santo André de Teixido, a “onde vai de morto quen non foi de vivo”. A lenda transmite a crenza de que a alma do defunto peregrinará rencarnada en cobra, reptil, insecto ou paxariño ata este santuario sito nun escenario vinculado ao sol e a lúa, advogado, como Donón, a Santo André –en caso de non ter ido en vida, cando menos sete veces–. Neste lugar, os devotos peregrinan en cadaleitos aínda hoxe, como voto por terse salvado dalgunha enfermidade gracias a intercesión da divindade que alí se invoca. Algúns reservan asientos valdeiros para que poda viaxar a alma do pariente defunto no autobús que conduce ao santuario, e poder así liberalo do estadio de eterno camiñante, que vagará polos camiños ate que alguén lle libere acudindo por el ata santo André. Aínda hoxe recollemos no seu entorno “erba namoradeira” propia de cantís. Este rito ponnos en contacto co terceiro elemento: a fertilidade.

Lugares destacados na natureza son elixidos para realizar alegorías de probable contido relixioso, moi cercano ao de moitas sociedades agrarias mediterráneas e ás súas máis primarias necesidades. Ser consciente dos ciclos vexetais, intentar propicialos, controlalos a través da medición do tempo, asimilar o ritmo vital do ser humano ao mesmo ciclo dos astros, e entrar a formar parte da espiral do universo ao morrer, non debeu ser alleo ao pensamento subxacente. Non esquezamos, que a lúa e o sol son símbolos constantes nalgunhas estelas funerarias romanas, tamén de Callaecia. E que, Itacio acusa a Prisciliano de practicar rituais máxicos relacionados co tempo, coas colleitas e coas ofrendas ao sol e a lúa en determinados penedos (Chadwick, 1978, p. 80).

Eses confíns son todavía hoxe considerados santuarios populares pouco cristiанизados. Excepto no aspecto máis externo do rito, todo leva á conxunción de tres elementos: da morte, da vida e da rexeneración. Estes son tres aspectos, presentes *no tempo* galaico, que se trenzan ó longo de miles de anos, expresados de diversos modos segundo a época, pero afíns ao sentimento de calquera ser humano. Preguntas sobre a vida, a morte, a perpetuación, en fin: a eternidade.

4. O lento paso do tempo

Este sistema iconográfico antigo que se detecta en Callaecia vai estar tamén presente todavía en período suevo, cando menos ata mediados do século VI. O carácter antropomorfo dos sartegos típicos deste período aparecen a cotío marcados mediante o relevo do esquema simplificado dun home, que estende as súas mans e os seus pes ata configurar unha aspa, un “X”, que se adapta á tumba a modo de catro augas). Noutras



Fig. 31. Necrópole de época sueva de S. Salvador de Medeiros, Monterrei (Ourense).

medios círculos concéntricos evocan o colar de determinadas estelas neolíticas. Os temas en U, ziz-zags e ondulados, dispostos nos laterais da tapa do sartego de Acelino que a percorren de arriba a abaixo, completan a iconografía funeraria (fig. 31), que semella a vestimenta dunha vella deusa vinculada á morte, a vida, e a fertilidade: a gran deusa (fig. 32).

En definitiva parecen non extinguirse os signos, que anteriormente asociamos á morte en Callaecia, senón que máis ben parecen querer prolongarse no tempo, probablemente ata a chegada de Martiño Dumense en torno ao ano 550 a Bracara, momento no que se acometerá a gran reforma eclesiástica do reino suevo, e na que se abordarán as desviacións doutrinais

do catolicismo no territorio galaico. Pouco a pouco a iconografía pagá esmorecería velada tras outras de aparencia cristiá, como acontece no caso da aspa de Santo André de Hío, ate os nosos días.

II

Tratándose aquí dunha publicación miscelánea, convirá dicir dúas palabras previas acerca das inscricións galaicorromanas, das que imos extraer algunhas informacións sobre a morte en Callecia

O hábito de facer inscricións é común a todas as rexións históricas máis desenvolvidas na cunca mediterránea. Noutras, como en Callaecia, non se facían porque para empezar, e que sepamos, non coñecían a escritura. Como noutros lugares a conquista romana supuxo unha imprantación da praxis epigráfica, pouco a pouco. O interesante aquí e agora, é que nas inscricións destas grandes rexións provinciais, dentro do imperio romano, esa nova praxis, aínda de orixen foráneo e língua latina, ofreceu unha inusitada posibilidade de que o mundo indíxena se manifestase nas súas propias formas culturais. Para comezar, no nome das persoas, dos seus deuses, dos seus lugares, nos nomes que aparecen nos textos votivos ou relixiosos, funerarios, etc. E non só iso: tamén concepcións propias que se traducen en formas e decoracións dos monumentos epigráficos, con un complexo mundo simbólico do que xa falamos previamente. A síntese das concepcións indíxenas e as romano-latinas, da lugar ó que chamamos galaicorromano. Na medida en que a síntese que en Callecia se produciu sexa distinta á de Asturias, á da Meseta etc., nesa medida, poderemos falar con certo fundamento do tema que nos ocupa, a morte na antiga Callaecia. E así é, en realidade.

Quen quera comprobalo pode facelo de modo sinxelo e agradable. Consiste en visitar os museos que gardan coleccións epigráficas. No preciso instante no que entremos no museo provincial de Oviedo, ou de Astorga, ou de Zamora ou de Bragança, e se antes nos familiarizamos un pouco coas inscricións de Callaecia, percibiremos con maior claridade que estamos ante dous mundos distintos. A semente epigráfica romano-latina caeu sobre terrenos culturais diferentes. Por certo que o observador atento poderá comprobar tamén as diferencias que, dentro de Callecia, existen entre o Norte e o Sur.




Fig. 32. Soporte gravado con representación esquemática da gran deusa neolítica: a Deusa Nai. As Pierres Plates (Locmarquier, Morbihan, Francia).

Debemos comezar facendo constar con claridade un feito palmario que determina poderosamente o que podamos entresacar dos monumentos epigráficos acerca da morte na antiga Callaecia: antes da conquista romana non hai funebria. É dicir, non hai enterramentos de ningún xénero. Non sabemos o que facían cos seus mortos, e aínda que é difícil imaxinar que non se lles practicase ningún xénero de culto, a investigación arqueolóxica, a pesar da gran curiosidade que esta ausencia produce, non puido atopar nada que puideran satisfacela. De momento, polo tanto, o único que debemos facer ante semellante situación é suspender o xuízo.

Sen embargo, ¡qué fácil lles foi adoptar e adaptar os usos fúnebres dos romanos conquistadores! A conquista de Callaecia terminou uns vinte anos antes do cambio de era. En torno a mediados do século seguinte, sen que poidamos afinar máis na datación, os indíxenas xa están enterrando aos seus mortos, exactamente igual que o facían os romanos, se esceptuamos o soporte da inscrición, e como vimos, coas súas interesantes implicacións.

A expresión “exactamente igual” debe ser matizada. Dos romanos tomaron:

- 1) A práctica de enterraren ó mortos, sinalando a tumba cun monumento pétreo.
- 2) Escribir o nome do defunto sobre esa pedra, utilizando unha estrutura nominal que é habitual en todos os pobos do Mediterráneo, tamén entre outras poboacións hispanas prerromanas, e que será alterada e superada precisamente polos romanos, que introducen novos elementos. Trátase do nome da persona seguido do xenitivo, por exemplo *Arquius* (fillo) de *Talavus*. Debemos preguntarnos, ¿se autodenominaban xa así, antes da conquista, ou é outra adopción derivada da importancia dos usos funerarios?.
- 3) A continuación do nome, indícase a idade do difunto. Isto é importante, porque non sabemos como se corresponde o cómputo romano do tempo co que tiñan os indíxenas, e mentras que noutros pobos que adoptan a praxis funeraria romana as indicacións de idade presentan unhas claras características, en Callaecia observamos unha clara normalidade, coa excepción de *Victorinus* que di ter morto os 120 anos. Esas irregularidades danse, por exemplo, en África romana, onde tanta xente parece morrer nunha cantidade de anos que sempre acaba en 0 ou en 5. A adopción do cómputo da idade debe ser dobre, pois: por unha parte, adoptar a forma de contar os anos; por outra, a indicación da idade libre de simbolismos o instrumentacións, como cando se aumentan para facer ver que era un home de prestixio, como *Matusalén*.
- 4) Tras a idade do difunto, utilizan fórmulas latinas estereotipadas, igual que en calquera outra parte do Imperio ou a mesma Roma. *h.s.e.s.t.t.l* (= *hic situs est, sit tibi terra levis*, é dicir, aquí xace, que a terra che sexa lixeira). Co paso do tempo, os textos funerarios fanse máis complexos, en todo o Imperio e tamén en Callaecia, sobre todo mediante a indicación do nome da persona que adica a lápida do difunto, e a súa relación de amizade ou parentesco, de novo con fórmulas estereotipadas ben coñecidas, como “a súa nai queridísima”, etc. A adopción de estas fórmu-

las ten maiores implicacións, porque non se trata só de aprender a enterrar ós seus mortos e poñerlles unha inscrición cos seus nomes, senón tamén da adopción das ideas sobre a morte que o conquistador trae consigo. “Que a terra che sexa lixeira” está dirixido ao propio morto, desexando que a terra que ten sobre o túmulo non lle pese excesivamente. Sen poder discernir ata que punto a adopción deste uso supón adopción minuciosa da idea que subxace, pois nos procesos de aculturación é coñecido que se pode adoptar a forma e non a función, etc., o feito de que latinicen morfoloxicamente os seus nomes, que utilicen a flexión nominal (nominativo, acusativo etc.) e ante todo e sobre todo o feito de que foran adoptando o uso da lingua latina, o que lles fai saber o que as fórmulas significan, obríganos a pensar que eles adoptaron tamén as crenzas pertinentes, aínda que non fora un mero transplante de ideas. E non o foi realmente como veremos.

5) Todo se fai máis evidente, se cabe, na adopción do culto aos deuses manes. A historia é interesante por varios motivos. Sabemos que cara os anos 70 d.C. se implanta en Roma, a capital, o hábito de encabezar as lápidas funerarias coa fórmula *d.m* ou *d.m.s* (= *diis manibus, diis manibus sacrum*= ós deuses manes, consagrado aos deuses manes). Esta moda exténdese por todo o imperio, en ritmos diferentes. Uns trinta anos máis tarde, a consagración da sepultura aos deuses introducírase en Callaecia, como noutras partes, ofrecendo un moi serio criterio de datación.

Consagrar a sepultura aos deuses manes ten unha función clara, entre outras: lembrar a quen se sitúe ante ela que se trata de algo sagrado, e por iso inviolable. Atentar contra a tumba era, pois, un crime relixioso, o máis grave. Consagrada aos manes a terra que acollera ao cadáver non podía máis ser destinada a usos agrícolas, por exemplo, e por iso recomendábase enterrar perto dos camiños, ou en terra non cultivable.

¿Adoptaron os galaicos, simplemente, o culto aos deuses manes, ou tamén outras importantes implicacións?. Non podemos contestar, pero conformémonos con deixar constancia da novidade que para eles tivo que supoñer a adopción dunha crenza e dun culto que lles era descoñecido. ¿Descoñecido realmente? ¿É que carecían de calquera representación mental da viaxe dos mortos, e das divinidades que nel interveñen?. Parece difícil aceptar tal ignorancia, tanto como explicar con fundamento a ausencia de enterramentos entre eles. Como noutras rexións do Imperio romano, e igual que sucede con outras divinidades indíxenas, o mais lóxico sería supoñer, que se deu, máis ben, un caso máis de sincretismo entre o que os indíxenas xa crían e o que agora aprendían. Como noutros aspectos do proceso de romanización, quizáis as ideas importadas puxeron nome e estrutura a unha materia que xa existía.

Ata aquí, e a vulgar polo exposto, non podemos inferir nada das ideas orixinais sobre a morte e o pertinente culto aos mortos galaicos. O que vimos ate o de agora foi o que eles adoptaron do conquistador romano. Nada hai de particular tampouco nos aspectos básicos da funebria: os destinatarios das inscricións funerarias, son nenos, mozos, adultos, varóns ou mulleres, como en todo o imperio romano. Os adicantes das lápidas son os fillos, pais, e en menor medida, irmáns ou amigos do defunto, coma noutras áreas.

As fórmulas funerarias non presentan tampouco nada de orixinal, e aínda sería de destacar que ás veces, en inscricións propias do medio indíxena (existen outras, como veremos inmediatamente) utilízanse fórmulas moi romanas, coñecidas normalmente en ambientes de moita maior romanización, como nun alarde de estar á última.

Pero esto non é todo. Máis alá da manifestación das ideas indíxenas na continuidade dos símbolos dende épocas moito máis antigas, que xa consideramos, debémonos fixar agora naqueles elementos das estelas galaico romanas que traslucen algo do mundo das ideas. Deberemos voltar a vista, pois, cara aquelas inscricións das que, máis arriba, dicimos que diferencian claramente a Callaecia doutras rexións históricas veciñas. Hai aquí outras inscricións tamén, pero ben distintas. Son as que pertencen a soldados, personal da administración do Imperio afincados aquí, e en xeral aos individuos ou aos grupos que viven en Calaecia, pero que non teñen aquí as súas raíces, Trátase, en algúns dos casos, de verdadeiros prototipos clásicos en versión máis ou menos provinciana. Estes dous grandes tipos de inscricións fannos ver que, en realidade, se trata de ambientes diferentes, e non de eleccións persoais guiadas polo pasado cultural do que elixe. O indíxena que se enterra na cidade de Lucus Augusti faino ó estilo da capital do *conventus iuridicus*, e polo tanto ó estilo romano. E, viceversa, encontraremos elementos foráneos en ambientes indíxenas que usan o que teñen ó seu arredor, un soporte claramente galaicorromano. Polo demáis, é fácil entender a diferenza de Lucus Augusti; pero tamén Brandomil garda restos que amosan que alí había un ‘enclave’ de romanidade, e non só pola forma das súas inscricións, senón tamén pola onomástica persoal, o carácter das divinidades etc. Paga a pena sinalar que a epigrafía de máis rancio sabor indíxena está no Norte, mentras que o Sur das provincias de Pontevedra e Ourense, e actual Portugal, as cosas son diferentes.

Empecemos por medio dunha curiosa e graciosa estela (fig. 11). O texto dí: Di(s) M(anibus) s(acrum) / p(osuit) M[at(er)?]/na Maximo a/nnoru/m LIII (= Consagrado aos Deuses Manes. Materna (?) puxo (esta lápida) a Maximus, de 53 anos). Pero o importante aquí non é o texto, senón a figura humana que está debaixo. É evidente que o escultor-canteiro quixo resaltar manifestamente os atributos sexuais de Maximus. Isto xa é interesante: que na estela sepulcral se diga a todo o mundo que o difunto estaba tan ben calificado nesa dimensión de súa virilidade. ¿Era xa coñecido Maximus, entre as súas xentes, pola alta calificación, ou descubríao agora, xusto no momento de morrer? Dito noutros termos: a figura humana da estela ¿informa ó público do que todo o mundo sabe, como cando se engade un símbolo da profesión que o difunto tivera en vida, ou desvela algo descoñecido? Descoñecido de todo non debía ser, si pensamos que o elemento nominal que chamamos *cognomen* é asignado con frecuencia ó recén nado cando algún aspecto se fai destacable. En Hispania hai moitos chamados Crispus, aludindo ao pelo crespo. Un neno setemesino poderá ser chamado *Intempestivus*, por *vir* antes de tempo. Níger di que naceu moi moreno. *Optatus* que é un fillo moi esperado, etc. ¿Qué viron os pais da nosa personaxe dos arredores de Brandomil para chamarlle así? Quizáis, precisamente, o que o lector pode xa estar a sospeitar.

As preguntas que quedan plantexadas non son retórica nin recurso literario. Pero vexamos antes as cousas no seu conxunto. Non é extraño que as estelas de raíz indíxena, en Callaecia e noutras rexións históricas de Hispania, ante todo na Celtiberia, conteñan unha representación humana. Non é necesario pensar que niso inflúa o costume romano, máis ou menos extendido según as provincias do Imperio, de poñer unha ou dúas personaxes nunha hornacina, na parte superior da estela. Ás veces trátase dunha parella, ou matrimonio; podemos encontrarnos con verdadeiros retratos naturalistas, e/ou elementos ou escenas que evocan a profesión do difunto etc.. Pero aquí non é o mesmo: recordemos a antiquísima tradición pre-romana que coñecemos nas estatuas-menir, as estelas antropomorfas, nas que Callaecia tamén se leva a palma pola súa frecuencia e rotundidade. Nas inscricións galaicorromanas, por primitivismo, por inexperiencia técnica ou por outra razón, as representacións humanas poden ser tan esquemáticas como a de Vitales (fig. 12).

O máis característico en Callaecia é a relativamente gran frecuencia de tales figuras humanas, case exclusivamente no Norte e centro; no Sur son moi escasas. É chamativo que mentres moitas delas están vestidas, outras –poucas– non. Nas máis esquemáticas non hai brazos. Noutras, quizás para resolver fácilmente a dificultade de representar os brazos pegados ó corpo, ou por outra razón, vémoslos apoiados nas cadeiras, ou un así e o outro como tocándose a cabeza. A recién comentada de Maximus, xunto con algunhas outras, condúcenos a esas preguntas, que se engloban nunha soa: ¿qué relación tiñan os galaicorromanos coa morte, se utilizan a figura do morto de esa maneira, para informar ou representar unha escea da súa vida? Noutra inscrición das cercanías de Vigo (fig. 33) a personaxe da dereita pasa o brazo por diante da columniña central (roto, aínda se pode observar directamente) e apoia a man no hombro do da dereita. O primeiro semella un home (que esté falando é só un efecto da fotografía) o da dereita, unha muller. O texto, tan fragmentado, non ven na nosa axuda. A suposta muller leva unha xerra na cabeza, e debaixo dela vese o conocidísimo ‘moído’, e nas mans ten un acio de uvas. ¿Quén é, se temos en conta que a xerra e uvas son dous preclaros símbolos funerarios? ¿A morte mesma, quizáis? A morte, ¿era feminina entre os indíxenas? ¿Qué fai a personaxe supostamente masculina? ¿Saúda, segue á feminina?



Fig. 33. Estela funeraria de Brandomil, A Coruña. CIRG I, nº44.

(Obsérvase a posición dos pes). Naturalmente que non temos fundamento algún para contestar a estas preguntas, pero parece impoñerse a idea de que a escea é eso, unha escea, e non un ‘retrato’. Coma na de Máximus, estase informando de algo ó que pasa por diante da tumba... ¿É, pois, esaxerado pensar que estamos ante una posta en escea, unha forma parateatral?

Dado que non temos fundamentos serios, deixemos voar un pouco a imaxinación, aínda que sexa con ás recortadas. ¿Qué relación hai entre o críptico mundo que aquí cremos descubrir, e as ideas sobre a morte propias dos indíxenas, sexan éstas as que tiveran sido? Estas esceas parecen carecer do aire tétrico ou solemne das representacións máis habituais na epigrafía latina máis clásica; diríase que é un trato coa morte máis liviano. ¿Qué farían os galaicos –antes da conquista romana– cos seus mortos? ¿Farían algo que os romanos quixeron prohibir, por parecerlles sacrílego ou sinxelamente moi bárbaro?




Fig. 34. Estela funeraria de Vigo. CIRG II nº52.

Valerá a pena facer mención a unha estela funeraria moi particular. Procedente do campamento romano de Cidadela (Sobrado dos Monxes), é o epitafio dun tal Iulius Severianus, posto pola súa esposa Placidia Lupa, ‘o seu queridísimo cónxuxe’, *defunctus in valle Mini* (fig. 34). E na parte superior aparece unha figura humana con pucha (un pileus) diante dun cabalo, entre outros motivos decorativos hai un acio de uvas. Alguén quixo ver neses motivos o feito de ter morto no val do Miño, a evidencia de que se trataba dun comerciante de viños, naturalmente do Ribeiro. Pero non; trátase dun Díoscuro, un dos fillos de Zeus (Cástor e Polux) que acompañaban a alma do morto na súa viaxe ao máis alá. Todo moi clásico, aínda que a realización material sexa un pouco tosca. Como corresponde a unha área tan romanizada como o campamento da Cohorte Primeira dos Celtíberos. Pero non está mal anotar qué claro tiñan o concepto de ‘val do Miño’.

Que as ideas relixioso-funerarias dos galaicos non encaixaban moi ben coas romanas importadas -impostas ou adoptadas- obsérvase na lonxitude da longa sombra que elas mesmas fixeron. Unhas cantas estelas funerarias galaicorromanas obríganos a velo así. A máis notoria é a de Victorinus, de Tins (Vimianzo) que murreu *in pace* á idade de 120 anos. O curioso é que a fórmula *in pace* (en paz) é un concepto radicalmente cristián. É

dicir, que Victorinus era cristián, e a pesar desto entérrase cunha estela antropomorfa propia do máis puro espírito indíxena pre-romano! Parece ser que as ideas aínda non estaban moi decantadas. Que teña ó morrer 120 anos é un pouco raro, porque non temos aquí esas mulleres africanas que con casi cen anos din ter un fillo de dez. E no mesmo sentido paga a pena citar outra de O Porriño, CIRG II 137, na que outro concepto netamente cristiano, *decessit* (para dicir ‘morreu’) mistúrase coa consagración da tumba ós deuses Manes, mentras que a personaxe representada leva unha xerra en cada man, típico motivo simbólico funerario pre-cristiano (fig. 35).

En conclusión. Se podemos facilmente ver que os galaicos adoptaron os usos funerarios romanos, incluíndo a inhumación con todos os seus adxectivos (ungüentarios e outros obxectos dentro da tumba, etc.), tamén parece ser certo que adaptaron eses usos as súas propias ideas, das que, desgraciadamente, non nos queda máis que una lixeirísima sombra, que se presta máis á literatura que á investigación histórica.




Fig. 35. Estela funeraria de O Porriño.

Bibliografía

- “Actes du 2ème colloque international sur la statuaire mégalithique” *Archéologie en Languedoc*, n° 22, 1998.
- Bello Diéguez, J. M., “Arquitectura, arte parietal y manifestaciones escultóricas en el megalitismo noroccidental”. *Arqueoloxía e arte na Galicia prehistórica e romana, Monografías do Museo arqueolóxico e histórico da Coruña*, n° 7, Pérez Losada e Castro Pérez (coords). pp. 85-93, 1995.
- “A pintura e a escultura megalítica”. *Historia da arte galega*, A nosa terra ed., T. I., 1998, pp. 33-48.
- Castro Ferreira de Sousa, O., “Estatuaria pre e proto-histórica do Norte de Portugal”. Dissertação para a obtención de Mestrado em Arquelogia apresentada à Faculdade de Letras. Porto, 1996. Inédita

- De la Peña Santos, A., Rey García J. M.: “Perspectivas actuales en la investigación del arte rupestre galaico, Fábregas, R. (ed.). *A Idade do Bronce en Galicia: Novas perspectivas*”. Cadernos do seminario de Sargadelos, nº 77. O Castro, Sada. 1998.
- Markale, Jean, *A civilización megalítica*. Toxosoutos ed., serie Keltia, 2000.
- Penedo Romero, R. y Fábregas Valcarce, R., *Brigantium* 10, pp. 333-342, 1980.
- Rey Castiñeiras, J., “Cerámica Castrexa decorada”. *Historia da arte galega*, T. I, A nosa terra, 1998, pp. 225-240.
- Rodríguez-Casal, A., “Las estelas antropomorfas de Parxubeira en el contexto de la estatuaria megalítica del noroeste de la península ibérica”. *Actes du 2ème colloque international sur la statuaire mégalithique*. Archéologie en Languedoc, nº 22, 1998.
- “Profano y pagano en el arte gallego”. *Sémata* nº 14, 2000. pp. 15-38.
- Rodríguez Colmenero: *AQVAE FLAVIAE*, Cámara Municipal de Chaves, 1987.
- Soto Arias P: A escultura figurada castrexa, *Historia da arte galega*, ed A Nosa Terra, 1998, pp 177-190.
- Suárez Otero, J., “Cerámicas e cultura na Idade do Bronce en Galicia”. *A Idade do Bronce en Galicia: novas perspectivas*. Cadernos do seminario de Sargadelos, nº 77, 1998, Sada.
- Vaqueiro, V., *Guía da Galicia máxica*, Ed. Galaxia, Vigo, 1998.
- Vilaseco Vázquez, I., Fábregas Valcarce. R., “O neolítico e a primeira construción monumental”. *Historia da arte galega*. Tomo I, A Nosa Terra ed., 1998, pp. 17-32.